

ASISTENTES:

Presidente:

Don Pablo Cameselle Martínez

Vogais:

Pola Xunta de Galicia

Don Javier Enríque Fraga Campo

Polo Consello Consultivo

Dona María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Don Manuel José Santana Suárez

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias

Dona Lucía González Louro

Secretaria:

Dona María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.00 horas do día 27 de febreiro de 2018, na sede do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, terceiro andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 19 de febreiro de 2018, ten lugar a XIX sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma se procede de acordo coa seguinte orde do día:

1º.- Saúda

A presidencia é ocupada polo Vicepresidente, en exercicio da suplencia por ausencia prevista no artigo 8 do Regulamento interno da Comisión da Transparencia de Galicia (DOG 15.06.2016 e modificación DOG 09.12.2016). Por tratarse de causas sobrevenidas non é posible a asistencia do substituto do Vicepresidente.

Unha vez constatado o quorum o presidente inicia a sesión cunha benvinda aos membros.

2º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión de 23 de xaneiro de 2018

A secretaria procede á lectura da acta da sesión XVIII . Estando conformes todos os membros presentes apróbase por asentimento.

3º.- Seguimento dos expedientes administrativos en tramitación.

A presidencia pon en coñecemento dos membros a relación de expedientes e solicitudes recibidos desde a última sesión facendo constar o asunto, os datos do reclamante e o Estado da tramitación.

4º.- Resolución, se procede, dos expedientes tramitados

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

EXPEDIENTES	SENTIDO DA RESOLUCIÓN
RSCTG 047/2017	Estimación
RSCTG 0111/2017	Inadmisión ao non existir solicitude de acceso á información pública
RSCTG 0112/2017	Desestimación
RSCTG 0113/2017	Arquivo por desistencia
RSCTG 0114/2017	Arquivo por desistencia
RSCTG 0115/2017	Inadmisión ao non existir solicitude de acceso á información pública
RSCTG 0116/2017	Arquivo por desistencia
RSCTG 0117/2017	Estimación por motivos formais
RSCTG 0118/2017	Inadmisión por reiterativa
RSCTG 0119/2017	Inadmisión por aplicación da disposición adicional primeira
RSCTG 0120/2017	Desestimación
RSCTG 0122/2017	Arquivo por desistencia

4º.- Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase celebrar a seguinte reunión o 11 de abril de 2018 ás 12.00.


5º. - Rogos e preguntas

Non se formulan rogos ou preguntas.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13.15 horas da tarde levantase a sesión, da que se estende a presente acta.

O Presidente suplente
(art. 8 Regulamento interno
da Comisión da Transparencia
de Galicia)

Pablo Cameselle Martínez



Comisión da
transparencia
de Galicia

A secretaria

María Puy Fraga



Comisión da
transparencia
de Galicia